

# REGULAMENTO DO CEIPP

XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ



## ÍNDICE

	Páxina
1.- Obxecto	3
2.- Normativa de referencia	3
3.- Modalidade	4
4.- Horario e duración	4
5.- Prazas	4
6.- Usuarios	5
6.1.- Selección e admisión de usuarios.	
6.2.- Acceso ao servizo do alumnado de fóra da zona de influencia.	
6.3.- Desempates.	
6.4.- Alumnado que non obteña praza.	
7.- Solicitudes e prazos de presentación	8
8.- Causas de exclusión do servizo de comedor	9
8.1.- Exclusión definitiva	
8.2.- Exclusión temporal	
9.- Tipificación dos comensais	11
10.- Prezo do comedor	11
10.1.- Usuarios gratuítos do servizo	
10.2.- Usuarios beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1€	
10.3.- Usuarios beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 2,50€	
10.4.- Usuarios sen bonificación que aboarán a contía de 4,50 €	
11.- Regulamento particular do servizo	14
12.- Programa educativo	15
12.1.- Obxectivos.	
12.2.- Actividades formativas.	
13.- Atribucións e responsabilidades inherentes ao servizo	17
14.- Instrucións para a saída do alumnado	21
15.- Anexos	23

## **Instrucións e Regulamento para o funcionamento do servizo de Comedor Escolar no CEIPP Xosé Fernández López.**

### **1.- OBXECTO**

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, desenvolve unha destacada tarefa social, conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral. Ademais trata de minimizar a incidencia que os factores económicos, sociais ou de calquera outra índole teñen no dereito á educación constitucionalmente recoñecido.

O comedor escolar, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do noso centro educativo desde as súas orixes, de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro.

### **2.- NORMATIVA DE REFERENCIA**

- Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG do 13), polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. [Ligazón](#)
- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do comedor escolar dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. [Ligazón](#)

- Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería. [Ligazón](#)
- Instrución 8/2017, do 30 de maio de 2017, conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se regulan as funcións a desenvolver polos coidadores de NEES nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público. [Ligazón](#)
- Instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar. [Ligazón](#)
- Instrucións da Secretaría Xeral Técnica sobre o funcionamento dos comedores escolares de Xestión Indirecta que se publican en cada curso escolar. (Curso 24-25). [Ligazón](#)

### **3.- MODALIDADE**

O comedor do noso Centro axústase á modalidade de xestión indirecta. A Xunta de Galicia contratará a unha empresa de cátering para realizar o servizo.

### **4.- HORARIO E DURACIÓN**

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo de cada curso escolar aprobado polo Consello Escolar para o alumnado do CEIPP Xosé Fernández López, en horario de 14:00 a 15:30 h. Incluirá os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de lecer anterior e posterior ao mesmo.

### **5.- PRAZAS**

A oferta para alumnado escolarizado no CEIPP Xosé Fernández López para o vindeiro curso

polo de agora será de dúas quendas de 80 prazas cada unha.

## **6.- USUARIOS**

Para ter a consideración de usuario lexítimo do servizo de comedor o alumnado deberá estar escolarizado no Centro segundo a distribución das áreas de influencia establecidas pola Administración Educativa, agás nos casos de escolarización forzosa.

**No caso de existiren prazas dispoñibles**, poderá acceder ao servizo de comedor escolar o alumnado escolarizado no centro procedente de fóra da área de influencia que conte coa autorización da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**A área de influencia do noso centro actualmente son as parroquias de Cans e Carracido e o centro urbano ata a vía do tren, agás as rúas asignadas ao CEIPP de Atios do casco urbano.** (Corresponde á zona do CEIPP de Atios a parroquia de Atios, rúa Domingo Bueno dende o nº 62 e o parque infantil ata o final, rúa Sebastián, dende o nº 50 e 59 ata o final, rúa Manuel Rodríguez, dende o nº 84 e 65 ata o final, rúa Leandro Diz, dende o nº 6 e 13 ata o final da mesma e a rúa Carrola completa).

### 6.1.- Selección e admisión de usuarios

Durante os meses de xullo e setembro do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondente ao alumnado escolarizado, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar revisará e baremará as ditas solicitudes de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1º.- Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.

2º.- Alumnado usuario **lexítimo** do servizo do transporte escolar.

3º.- Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.

4º.- Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.

5º.- Alumnado fill@ de pais, nais titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente mediante documento expedido para o efecto polas/os respectivos empregadoras/res, xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas, e polas certificacións expedidas polas xefaturas de persoal correspondentes.

6º.- Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.

7º.- Persoal docente e non docente que preste servizos no centro en non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

No caso de existir empates, na aplicación dos criterios recollidos neste apartado 6.1, o desempate para establecer o dereito prioritario decidírase por sorteo (alfabético).

Decaerá do seu dereito prioritario:

\* O alumnado que fose obxecto de sanción disciplinaria grave durante o curso escolar anterior, segundo relación presentada ao Consello Escolar.

\* O alumnado que non teña regularizado o pagamento do servizo de comedor durante o curso anterior non poderá aparecer nas listas provisionais de admitidos. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten,

antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades endebedadas.

O Consello Escolar elaborará e publicará, no taboleiro de anuncios do centro, un listado provisional de admitidos. Contra esta listaxe poderase presentar alegacións diante do Consello Escolar nun prazo de cinco días desde a súa publicación.

O Consello Escolar publicará a listaxe definitiva de admitidos que volverá a ser exposto no taboleiro do centro e servirá de resposta ás alegacións presentadas.

Contra esta listaxe definitiva poderase interpoñer recurso de alzada diante da Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## 6.2 Acceso ao servizo do alumnado escolarizado en centros que non lle corresponde por zona de influencia.

O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das zonas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar. Poren, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as instalacións sexan axeitadas, as condicións e limitacións dos contratos subscritos o permitan, e, no seu caso, estea cuberta a ratio de colaboradores necesaria a Secretaría Xeral Técnica da Consellería poderá conceder unha autorización excepcional para a incorporación de alumnos escolarizados fóra de área.

As citadas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

O Consello Escolar do Centro, atendendo aos criterios recollidos no apartado 6.1 e 6.2 deste regulamento, establecerá a orde de prioridade na proposta que se enviará á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación para que autorice de xeito excepcional o acceso deste alumnado ao servizo de comedor.

Estes autorizados excepcionais, con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que abonar, en concepto de prezo público a cantidade de 4,50 € por día de servizo, agás no suposto de tratarse de alumnado pertencente a áreas de influencia sobre as que se estean a tramitar procedementos de zonificación, que, mentres non rematen definitivamente, posibilitarán o pagamento do prezo público polos alumnos escolarizados fora da súa área de influencia de acordo coas regras xerais establecidas no decreto de comedores.

### 6.3 Desempates

No caso de existir empates, na aplicación dos criterios do apartado 6.1 o desempate para establecer o dereito prioritario tanto para o alumnado de zona coma para o de fóra da zona educativa decidírase por sorteo (alfabético).

### 6.4.- Alumnado que non obteña praza

O alumnado que non obteña praza figurará nunha lista de espera ordenada segundo os criterios recollidos nos apartados 6.1 e 6.3 deste regulamento.

## **7.- SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

**A solicitude do servizo supón o coñecemento e a aceptación expresa de todos os apartados recollidos no presente regulamento.**

As nais, pais ou representantes legais do alumnado que presente solicitude de admisión ou formalicen matrícula, deberán indicar expresamente nestas se solicitan o uso do servizo complementario de comedor.



O alumnado con garantía de permanencia no centro que non teña que formalizar matrícula deberá manifestar expresamente mediante escrito dirixido a este ao longo do mes de maio de cada ano, que solicita utilizar o servizo complementario de comedor.

### **Documentación a presentar:**

- ✓ Solicitud do servizo de comedor escolar.
  
- ✓ Padrón familiar municipal ou documentación que estableza a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para acreditar o domicilio familiar ou laboral.
  
- ✓ Modelo - impreso de auto declaración dos prezos públicos (Anexo II das Instrucións da Secretaría Xeral Técnica sobre o funcionamento dos comedores escolares de Xestión Indirecta que se publican en cada curso escolar).
  
- ✓ Documentación que acredite, se é o caso, algúns dos criterios prioritarios para a selección e admisión dos usuarios.
  
- ✓ Informe médico en caso de algunha intolerancia ou alerxia.

## **8.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR**

A decisión sobre a exclusión temporal ou definitiva do servizo de comedor é competencia do Consello Escolar do Centro. A súa comunicación será realizada pola presidenta do devandito órgano aos interesados, que poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles, dirixidas á presidenta do Consello Escolar. Logo de estudo comunicarase a resolución definitiva no prazo máximo de cinco días.

### **8.1 Exclusión definitiva**

Os incumprimentos no pagamento dos prezos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos,

para o cal contarase cun prazo máximo de dous meses, pasado este prazo producirase a perda da praza.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes non fagan uso do citado servizo, causarán automaticamente baixa, agás causas debidamente xustificadas ante a dirección.

Así mesmo será motivo de baixa no servizo a falsidade nos datos que figuran na solicitude ou nos xustificantes que se acheguen cando os mesmos favorezan a obtención dunha praza no servizo.

No caso de exclusión definitiva disporase da praza para ofertala, se é o caso, ao alumnado interesado no servizo que estea en lista de espera.

## 8.2 Exclusión Temporal

Poderán considerarse causas de exclusión temporal as seguintes:

- Os incumprimentos no pagamento dos prezos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.
- Reiteración en incidencias de comportamento inadecuado, debidamente documentadas.
- Reiteración no incumprimento da obriga de facerse cargo da recollida do usuario no horario previsto (ata as 15:30 h.).
- Incumprimento da normativa xeral do Centro, especialmente a relacionada co respecto aos demais usuarios e ao persoal do comedor.
- Negativa a asumir os gastos ocasionados polos usuarios como consecuencia do mal uso das instalacións e/ou dos utensilios postos á súa disposición.
- Calquera outra que a persoa responsable do comedor considere contraria á dimensión

educativa e integradora do servizo.

## **9.- TIPIFICACIÓN DOS COMENSAIS**

Os usuarios do comedor escolar deberán escoller algunha das modalidades seguintes na forma de acceso ao servizo:

- Fixa: Cando se solicite o servizo de comedor para tódolos días lectivos.
  
- Fixa discontinua: Cando se solicite para todo o curso lectivo pero só para determinados días fixos da semana.
  
- O cambio de modalidade só será autorizado, en función da dispoñibilidade de prazas.

## **10.- PREZO DO COMEDOR**

O importe que deberán aboar os usuarios que non teñan gratuidade total do servizo de comedor escolar será o resultante de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes.

**Os usuarios deberán comunicar aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación dun día ou, como máximo ata as 9:30 do propio día.**

O ingreso mensual dos importes a pagar por cada usuario deberá efectualo na conta corrente que para o efecto indique a entidade mercantil adxudicataria do contrato de comedor unha vez que o Centro lle certifique a relación nominal de usuarios e, de ser o caso, as reducións de prezo que correspondan.

**A información detallada a continuación é a que figura na normativa actual, polo que poderá ser modificada posteriormente.**

### **10.1.- Usuarios gratuítos do servizo.**

Serán **usuarios gratuitos** do servizo de comedor escolar os seguintes:

- O alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- O alumnado que se atope en situación de acollemento residencial ou familiar.
- O alumnado cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- O alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- O alumnado pertencente a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000, 00 €.
- Os cuidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior ao mesmo, atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización de comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

10.2.- Usuarios beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1€

Abonarán a contía de 1€ por acceder ao servizo de comedor o alumnado cuxa renda per cápita familiar se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 € a 8.000,00 €
---	--

Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 € a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

10.3.- Usuarios beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 €

Abonarán a contía de 2,50 € por acceder ao servizo de comedor o alumnado cuxa renda per cápita familiar se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 € a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 € a 9.000,00 €

10.4.- Usuarios sen bonificación que aboarán a contía de 4,50 €.

Abonarán a contía de 4,50 € por acceder ao servizo de comedor o alumnado cuxa renda per cápita familiar se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de igual ou superior a 9.000,01 €
---	---

Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de igual ou superior a 9.000,01 €
---	---

Abonarán a contía de 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente, que sen responsabilidades na organización de comedores escolares nin no coidado de alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

**Abonarán ca contía de 4,50 € por día de servizo o alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia** establecidas pola Administración Educativa como consecuencia de decisión de índole familiar ou persoal e **que foi autorizado excepcionalmente o seu acceso ao servizo de comedor pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, o 1º ano como usuario do comedor escolar.** ( agás no suposto de tratarse de alumnado pertencente a áreas de influencia sobre as que se estea a tramitar procedemento de zonificación e mentres non rematen estes).

## 11.- REGULAMENTO PARTICULAR DO SERVIZO

**As faltas de asistencia serán comunicadas ao centro cunha antelación dun día ou, como máximo, ata as 9:30 do propio día.** O aviso farase por mensaxe escrita ao teléfono móbil habilitado para este fin (638 063 979). En caso de non ser comunicado no prazo establecido, a falta non se considerará xustificada, polo que o menú dese día será cobrado igualmente.

O control dos comensais comeza no punto de encontro fixado para os distintos cursos, segundo o número de alumnado.

O servizo de comedor remata ás 15:30 horas. A partir desta hora os representantes legais faranse cargo dos seus fillos/as.

No período indicado (14:00 a 15:30 h.) os escolares non poderán ausentarse do centro antes da

hora prevista para a saída, agás que os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, e recollan o alumnado eles mesmos ou persoas autorizadas.

## **12.- PROGRAMA EDUCATIVO**

O servizo de Comedor Escolar ten un carácter asistencial, por canto contribúe á integración social da familia e a conciliación da vida laboral e familiar na medida en que facilita aos pais e nais o exercicio das súas funcións laborais.

Ademais, o servizo de Comedor ten un carácter educativo. A actividade que nel se realiza responde a unha planificación educativa, centrada basicamente en torno ao plan de obxectivos e actividades que a continuación se especifican.

### **12.1. Obxectivos.**

Desenvolver nos alumnos e alumnas hábitos alimentarios e sociais axeitados para unha mellor educación para a saúde e a convivencia.

Formar aos alumnos e alumnas no desenvolvemento de actitudes positivas co hábito de comer, así como no coñecemento das bases dunha dieta saudable.

Promover a adaptación dos nenos e nenas a unha diversidade de menús e a unha disciplina no acto de comer que inclúa a cortesía, a tolerancia, a solidariedade e a educación para a convivencia.

Fomentar no alumnado o espírito de solidariedade e colaboración, dándolles aos alumnos e alumnas de máis idade pequenas responsabilidades.

### **12.2. Actividades formativas.**

Os alumnos e alumnas usuarios/as levarán a cabo durante o tempo que abrangue o servizo

de Comedor Escolar as actividades de carácter formativo que se relacionan seguidamente:

- Antes de comer, tódolos alumnos e alumnas deberán lavarse as mans.
- Despois de comer, deberán cepillarse os dentes. Por tal motivo, os alumnos e alumnas deberán traer unha bolsa persoal cos elementos de hixiene necesarios.
- Instruirase aos alumnos e alumnas de forma individualizada no manexo de cubertos, panos de mesa, etc.
- As entradas e saídas do comedor realizaranse de forma ordenada. Os alumnos e alumnas de E. Infantil faranas acompañados sempre polas coidadoras.
- Durante o tempo de permanencia no Comedor deberán evitarse ruídos e berros.
- Os alumnos e alumnas non se levantarán dos seus asentos: cando precisen algo, levantarán a man e o pedirán correctamente ao persoal coidador.
- Os alumnos e alumnas procurarán non falar mentres teñan comida na boca e a limparán antes de beber.

A recollida do alumnado efectuarase exclusivamente no lugar destinado para tal fin despois da comida, non estando permitido o acceso a outras zonas do servizo, agás coa autorización da persoa responsable do comedor.

Pequenas faltas leves acumuladas constitúen falta grave. As faltas graves serán rexistradas polo persoal de atención ao alumnado e trasladadas á persoa responsable do comedor, quen dará trámite á comisión de seguimento do servizo e iniciará as medidas que considere convenientes.

Os danos causados polos comensais serán aboados polos representantes legais dos mesmos.

As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza. No caso de dietas deberá presentarse certificado médico no que se especifique o tipo de



dieta necesaria (celíaca, lactosa,...). No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú. En caso de enfermidade sobrevinda (gastroenterite...) non fará falla certificado médico e se solicitará a dieta branda.

A instrución 8/2017 do 30 de maio do 2017 recolle a conveniencia e idoneidade de que o coidador e o coidado xanten xuntos, minimizando así os riscos inherentes á dita actividade á vez que afondan na desexable relación de complicidade entre ambos os dous durante as diferentes actividades desenvolvidas con ocasión da comida.

### **13.- ATRIBUCIÓNS E RESPONSABILIDADES INHERENTES AO SERVIZO.**

#### Consello Escolar

- Propoñer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da delegación provincial correspondente, a solicitude de apertura e funcionamento do servizo de comedor escolar.
- Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante da regulamentación do centro.
- Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos.
- Decidir sobre a perda de praza dun usuario por incumprimento no pagamento do servizo.
- Establecer as medidas disciplinarias que se deriven de faltas graves dos usuarios.
- Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.

- Propoñer a relación de alumnado de fóra de zona, de acordo co baremo establecido neste regulamento, para que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería autorice o seu acceso ao servizo de comedor escolar.

### Responsable do comedor

A persoa responsable do servizo de comedor será a mesma que exerza a Dirección do Centro. Esta persoa desenvolverá as seguintes funcións:

- \* Elaborar co Equipo Directivo, e de acordo coa comisión de convivencia un protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- \* Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar, se é o caso, co visto e praxe do Consello Escolar ao persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- \* Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo Centro.
- \* Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- \* Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- \* Establecer as medidas disciplinarias que se deriven de faltas leves dos usuarios.
- \* Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

Mantendo os/as directores/as dos centros as responsabilidades inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores, poderán voluntariamente delegar nun membro do claustro a obriga de presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior a este. Así pois, o docente no que a Dirección delegue será quen utilice a praza do comedor

reservada ao director/a.

### Persoal de atención ao alumnado

As tarefas de colaboración están incluídas no contrato suscrito pola Consellería de Educación coa empresa adxudicataria do servizo, quen acreditará a idoneidade profesional do persoal que destine ás referidas funcións, con pleno respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval do comedor.
- Axudar ós alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentarase a colaboración

do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

Persoal contratado pola empresa para o servizo.

Será competencia do persoal do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

-Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado.

-Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.

-Servizo de atención aos usuarios tanto no comedor coma no tempo de lecer (antes e despois das comidas).

-Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.

-Informar ao encargado designado pola empresa encargada do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo. Cando sexa considerado necesario, o devandito encargado informará ao responsable do servizo de comedor.

-Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.

-Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

## **14.- INSTRUCCIÓN COAS RECOMENDACIÓNS SOBRE A SAÍDA DO ALUMNADO.**

Segundo instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos/as escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

### 1º. RECOMENDACIÓNS APLICABLES A ALUMNADO DE 1º, 2º, 3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA.

#### RECOLLIDA AO REMATAR AS CLASES, COMEDOR OU SAÍDAS.

- O alumnado será recollido nas instalacións do centro educativo polas persoas identificadas como responsables no horario fixado.
- Poderase autorizar formal e expresamente a outra persoa adulta ou a un irmán/á que curse 5º, 6º Educación Primaria ou ESO a recoller aos pequenos, cubrindo unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregando no centro de ensino.
- No suposto de pais e nais separados ou divorciados, seguirase as determinacións previstas na sentenza xudicial, convenio regulador ou acordo provisional que terán que presentar no colexio.
- O alumnado permanecerá custodiado no centro o tempo que en cada caso se considere prudencial, a partir do horario de recollida fixado. Os responsables da recollida dos nenos/as terán obriga de comunicar ao centro calquera demora que poidan sufrir, de non contactar con eles nun período de 15 minutos, remitirase á Policía Local ou Garda Civil.
- En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, e recollan o alumnado eles mesmos ou persoas autorizadas.

### 2º. RECOMENDACIÓNS APLICABLES A ALUMNADO DE 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

RECOLLIDA AO REMATAR AS CLASES, COMEDOR OU SAÍDAS.

- Os escolares poderán saír no horario previsto, sos do colexio, sempre que os seus pais, nais ou titores legais, presenten unha autorización expresa ao respecto, eximindo a Consellería de calquera responsabilidade, por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

A continuación engádense como anexo algúns dos documentos citados neste Regulamento.



**AUTORIZACIÓN PARA A RECOLLIDA DO ALUMNADO NO CENTRO**

D./Dna. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ ,  
 como pai/nai/titor legal do alumno/a \_\_\_\_\_  
 matriculado no centro durante o presente curso escolar no \_\_\_\_\_ nivel de educación \_\_\_\_\_.

**AUTORIZO** a que o/a alumno/a antes citado saia só/soa do centro educativo, unha vez rematada a xornada escolar, sen necesidade de que sexa recollido por un adulto (**válido para alumnado de 5º e 6º de Primaria**), eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poida sufrir o escolar.  
**E autorizo as seguintes persoas a recollelo no caso de ter que saír do centro en horario escolar.**

**NON AUTORIZO** a que o/a alumno/a antes citado saia só/soa do centro educativo e **AUTORIZO** as seguintes persoas responsables a recoller ao/á meu/miña fillo/a ao remate do horario lectivo ou no caso de ter que saír do centro en horario escolar.

Nome	Apelidos	DNI	Teléfono

En O Porriño a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asdo Nai/Pai/Titor-a:.....

Asdo Nai/Pai/Titor-a:.....

Deben asinar ambos proxenitores.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López**  
Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño  
Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal  
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/  
Teléfono: 886 110433



## SOLICITUDE DE PRAZA DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

### CURSO 20 /20

#### DATOS DO ALUMNO/A:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME

#### NIVEL EDUCATIVO DO CURSO 24/25

DOMICILIO DURANTE O CURSO ESCOLAR acreditado co certificado de empadramento actual da unidade familiar

RÚA:	Nº
LOCALIDADE:	TELÉFONOS:

ENVIADO A ESTE CENTRO POLA COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN

(Marcar cunha cruz en caso afirmativo)

INDICAR SI TEN ALGÚN TIPO DE ALERXIA, INTOLERANCIA, DIETA ESPECIAL, ETC

(É preciso aportar documentación médica)

DÍAS DE USO DESTE SERVIZO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES

NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

(Incluído o alumno/a solicitante)

Nº

Don/dona \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_,

como pai/nai/titor/a legal do alumno/a.

SOLICITO a inscrición do meu fillo/a no Servizo de Comedor Escolar, comprometéndome a aceptar as normas establecidas polo Consello Escolar e o regulamento do comedor do centro.

En O Porriño, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura de ambos proxenitores

INFORMACIÓN PARA A DIRECCIÓN DO CENTRO, Marcar a casíña correspondente.

GRATUIDADE TOTAL	1 €	2,50 €	4,50 €
Situación socioeconómica exclusión social certificada.			
Acollemento residencial ou familiar.			
Discapacidade declarada igual ou superior ao 33%			
Vítimas de terrorismo ou violencia de xénero acreditada documentalmente			
Renda			





**ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS**

A) RENDA NETA IRPF 2023:

casiña 435 + casiña 460 – casiña 595 = X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES SOLICITA COMEDOR:

número de membros = Y (Terase en conta a situación existente a 31/12/2023)

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = X/Y

D) AUTODECLARACIÓN

Marque a casiña seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

Marque a casiña seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

Marque a casinha seguinte

<b>Aboamento de 2,50 € por día de servizo</b>	
---	--

**Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación**

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil. en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casinha seguinte

<b>Aboamento de 4,50 € por día de servizo</b>	
---	--

**Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación**

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil.en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Marque a casinha seguinte

<b>Aboamento de 4,50 € por día de servizo</b>	
---	--

**Se son alumnos escolarizados, por decisións de índole familiar ou persoal, fóra do centro que lles corresponda , o 1º ano.**

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2024

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:



A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2023:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casiña 435 + casiña 460 – casiña 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

#### **Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar**

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá, para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casiñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario), tal e como recolle o artigo 16.2.terceiro do Decreto 132/2013, do 1 de agosto.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.